

Convenio entre o Ministerio de Defensa e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia para o depósito e cesión dun avión TM-11 cos seus dous motores no Centro Público Integrado de Formación Profesional As Mercedes (Lugo), para ser empregado como material didáctico pola comunidade educativa do citado centro.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

#### INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades formalizou co Ministerio de Defensa o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro desde a data da súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o Ministerio de Defensa /EA, pon a disposición do CIFP As Mercedes, en calidade de usufructuario, o avión TM 11 C-02 (Falcon 20) dotado dos motores modelo CF-700-202 con números de serie 304039 e 2450U422 no estado en que actualmente se atopa, para o desenvolvemento das prácticas e actividades curriculares necesarias, contempladas nos cursos impartidos no centro educativo e para proxectos de interese mutuo en materia de formación aeronáutica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que segundo se establece no capítulo VI artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, prevese que a Administración Xeral e os Organismos públicos vinculados ou dependentes da mesma, poidan celebrar



convenios cos órganos correspondentes da Administracións das Comunidades Autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Que o Real decreto 1399/2018, do 23 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, no seu artigo 11 establece, dentro das funcións da Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar, a de impulsar as relacións e acordos coas diferentes administracións, universidades e entidades privadas.
3. Que con data 22 de xuño de 2021 ambas as Institucións subscribiron un Protocolo Xeral de Colaboración para levar a cabo diversas actividades a través do CIFP As Mercedes de Lugo en áreas de interese común no campo da cooperación académica, científica e cultural, así como a posible realización de prácticas académicas en centros pertencentes a ambas as institucións.
4. Que o CIFP As Mercedes de Lugo é un centro educativo público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, polo que os ensinamentos que imparte teñen carácter oficial e validez académica en todo o Espazo Común Europeo. Entre a oferta docente do CIFP As Mercedes de Lugo atópanse os títulos de Técnico Superior en Mantemento Aeromecánico de Avións con Motor de Turbina e de Técnico Superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica.
5. Que o MINISDEF/EA dispón dun avión TM.11 dado de baixa para o servizo, dotado dos seus motores, dispoñible para prestar a devandita colaboración, sen que a mesma implique un obstáculo para o cumprimento das misións de defensa que ten encomendadas o Exército do Aire e sen que a citada aeronave forme parte do "Patrimonio Histórico" asignado ao Servizo Histórico e Cultural do Exército do Aire.
6. Que a cesión deste material a entidades públicas docentes, e con intereses na aeronáutica, fan palpable e notoria a presenza do EA na sociedade española e colaboran non só na mellora da calidade docente senón mesmo na divulgación da cultura de Defensa.
7. Que dispoñer dunha aeronave destas características, anexa ás propias instalacións do centro, facilita o acceso do alumnado e do profesorado a unhas prácticas de



laboratorio de calidade que, sen dúbida, melloran a experiencia curricular da comunidade educativa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

